



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra, e os Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre outras competencias, a esta entidade correspóndelle, como organismo de bacía, a administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

2 O entón organismo autónomo Augas de Galicia, promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, procedendo a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do ano 1997.

De acordo co previsto no artigo 132 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, aprobouse pola Presidencia de Augas de Galicia o anuncio de licitación do concurso da concesión administrativa. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento. A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispoñía que:

“Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña. A materialización das mesmas levarase a cabo a través da deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

Logo de iniciar a explotación do aproveitamento polo concesionario que resultou adxudicatario do concurso, fíxose preciso dar cumprimento ao establecido no prego de bases, mediante a sinatura dun convenio de colaboración. O 13.11.2002, asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra, e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co obxecto de establecer o sistema de tramitación e xestión destas axudas.

O 22.04.2010, a presidenta de Augas de Galicia, asinou a resolución pola que se modificaban as bases ás que se axustaba a concesión indicada no punto 1, e dispoñía que a cláusula 4ª g) parágrafo segundo, quedara redactada do seguinte xeito:

“Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de





asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

No 2010 procedeuse a adaptar a xestión destes fondos á nova redacción do prego de bases. Asemade, para unha máis eficaz xestión e celeridade no procedemento de transferencia, procedeuse a realizar algúns cambios que motivaron a elaboración dun novo convenio. Polo que o 22.11.2010 asinou un novo convenio de colaboración, tendo en conta o carácter das administracións públicas que interveñen, e o obxecto deste convenio no que os tres concellos asumirán a condición de beneficiarios da axuda outorgada pola Comunidade Autónoma e a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a condición de entidade colaboradora na xestión e tramitación desta axuda, incluída a entrega dos fondos públicos aos beneficiarios, de conformidade co previsto na normativa autonómica reguladora das axudas e subvencións, e concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, (RSG).

O citado convenio tivo unha vixencia ata o 31.12.2010, tramitándose con posterioridade oito convenios que remataron, respectivamente, o 31.12.2011, o 31.12.2012, o 31.12.2013, o 31.12.2014, o 31.12.2015, o 31.12.2016, o 31.12.2017 e o 31.12.2018.

A Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española e o Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a antedita lei, establecen que as fórmulas de actualización de prezos referidas as variacións de índices xerais, tales como o Índice de Prezos ao Consumo, deberán substituírse por valor cero.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña o instrumento convencional arriba referido o período de vixencia será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ás actividades realizadas dende o 01.01.2019, de conformidade co disposto na cláusula segunda do convenio, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2019.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis.





5 Augas de Galicia en cumprimento do prescrito no citado prego de bases, destinará unha cantidade máxima de 392.535,78 € para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 01.01.2018 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. Para o financiamento desta cantidade Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 6516 “Subvencións correntes a corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O reparto destas cantidades, efectuarase do seguinte xeito:

Caldas de Reis 130.845,26

Cuntis 130.845,26

Moraña 130.845,26

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Dar cumprimento a cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A tramitación deste expediente require de autorización previa do Consello da Xunta segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cumprindo deste xeito coa previsión establecida na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

